CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS · Nº 5
OUTUBRO DE 2010

A REPRESIÓN FRANQUISTA EN SADA

AS VÍTIMAS MORTAIS

Manuel Pérez Lorenzo



NOTIFICACION DE LA SENTENCIA Y ENTRADA EN CAPILLA

En La Coruña a veintisiete de Noviembre de mil novecientos treinta y seis, siendo las cuatro horas se constituyó este Juzgado en la Prisión Provincial de esta Plaza y ante S.Sª. y de mi Secretario compareció el prosesado ANTONIO FERNANDEZ PITA, asistido de su defensor el Alférez de Infantería Don Eugenio Pita Blanco, siendole notificada por medio de lectura integra, la sentencia dictada por el Consejo de Guerra que le juzgó, y el decreto de aprobación de la misma.

Acto seguido el reo fué trasladado al local habilitado en la Prisión para capilla, haciendole presente el Señor Juez, que podia pedir los auxilios que necesitara.

Y leida que le fué esta notificación la firma con el Defensor y S.Sª. de lo que doy fé.

Notificación da "entrada en capilla" e execución de Antonio Fernández Pita, alcalde de Sada. (Arquivo do Tribunal Territorial IV, sumario nº 721).



DILIGENCIA ACREDITANDO LA EJECUCION DEL REO PAISANO ANTONIO FERNANDEZ PITA.

En La Coruña a veintisiete de Noviembre de mil novecientos treinta y seis, siendo las siete horas se constituyó el Juzgado en el lugar indicado para la ejecución; acto seguido es ejecutada la sentencia en la persona del reo paisano ANTONIO FERNANDEZ PITA, y una vez ejecutada, el Alférez médico de complemento Don Javier Sanchez Alonso, previo reconocimiento del cadáver, certificó su defunción.

Y para que conste firma con el Señor Juez, el medico de lo que doy fé.

Edita e imprime: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo
comisionsuarezpicallo@gmail.com
http://www.blogoteca.com/acsuarezpicallo
Sada - outubro, 2010

Directiva 2010 - presidente: Francisco A. Pita Fernández / vicepresidente: Manuel Pérez Lorenzo / secretaria: Rexina Basadre Orozco / tesoureiro: Xosé Val Díaz / vogais: Marisa Naveiro López, Xesús Castro Vidal, Amable Carballeira Caño, Ramón Tenreiro Suárez, Laura I. Pita Campos, Xaime Rodríguez Rodríguez

A REPRESIÓN FRANQUISTA EN SADA. AS VÍTIMAS MORTAIS

I. Introdución

A sublevación militar de xullo do 1936 veu truncar en Sada un intenso proceso de construción e consolidación dunha cidadanía activa, organizada en sindicatos, sociedades agrarias, partidos de todas as cores, asociacións culturais, etc. e baixo unha estrutura democrática e un Estado de dereito como o era a II República, con todas as eivas e limitacións propias do seu tempo.

Para conseguir o obxectivo primordial dos sublevados, desarticular a sociedade civil e toda forma de pluralismo ideolóxico co fin de neutralizar o proceso modernizador en varios campos acelerado nos anos anteriores, púxose en marcha un aparello represivo sen precedentes, co asasinato sistemático de dirixentes sindicais e políticos, activistas culturais ou simplemente disidentes co modelo de pensamento único imposto, ademais do encarceramento e tortura de moitos outros, sometidos a procesos xudiciais, e a fuxida doutros ao exilio. A isto sumáronse outras formas de represión non menos efectivas: a económica, mediante multas, expropiacións e inhabilitacións laborais; a cultural e ideolóxica, co control da educación, o ascenso do poder da Igrexa e os diversos instrumentos de censura; ademais das modalidades específicas de represión da muller.

Neste breve traballo centrarémonos unicamente nas vítimas mortais da represión, apuntando os datos máis relevantes de cada caso co fin de achegarnos un pouco máis a esta cara menos agradable do noso pasado.

II. Sada baixo control dos sublevados

As primeiras noticias da sublevación militar chegan a Sada o 18 de xullo da man do dirixente anarquista José Monzo, que viña de participar nun acto na Coruña. Ao momento organizarase un convoi de varios camións que partirán cara a cidade herculina na procura de armas para se defenderen, regresando coas mans baleiras (testemuños de Rey Balbís e Elisardo Abruñedo en Neira Vilas: *Guerrilleiros*, 1991, e *A Ponte*, nº 1, 1999). A partires do

día 20 procederase, por orde do alcalde Antonio Fernández Pita, á requisa das armas de particulares, para evitar así alteracións (Arquivo do Tribunal Territorial IV, sumario nº 721). Eses días transcorren en aparente normalidade e sen incidentes resaltables no municipio. Mais o 23 á mañá chegan a Sada, procedentes de Betanzos –que acababa de ser tomado o día anterior polas tropas do capitán Roger Oliete–, tres falanxistas e un soldado, aos que se enfronta verbalmente Xohán Antón Suárez Picallo, sendo retidos canto tentaban disparar contra os presentes. Xa ás poucas horas chegará a columna de Oliete, que controla a vila non sen algunha resistencia veciñal, cando menos ata o día 25 (*La Voz de Galicia*, 26/07/1936).

Procederase axiña á instauración dos novos poderes, coa designación do tenente da Garda Civil retirado Eustaquio de Diego como Delegado de Orden Público, substituído a mediados de agosto polo comandante Emilio Molina Carreño. A partires de decembro existirá xa unha corporación municipal presidida polo alcalde Toribio Pollán Nieto (Arquivo Municipal de Sada, Libros de Actas, 1936).

III. Unha relación de vítimas mortais

Unha vez controlada a situación, coas institucións dominadas por adeptos aos sublevados, o ascenso do poder da Igrexa e a creación de Falange como partido único –que non existía antes da Guerra–, na segunda decena de agosto comezarán a producirse os asasinatos de veciños, case sempre mediante "paseos", é dicir, de forma irregular, sen xuízo previo. Exporemos cada caso por orde cronolóxica, cos datos sobre as filiacións extraídos do Fondo do Goberno Civil (G-2552 e G-2563) e de *La Voz de Galicia* e *El Pueblo Gallego.*

12/08/1936: Xohán Antón Suárez Picallo, Antonio Carballeira Muñiz e Manuel Prego Chas

Xohán Antón Suárez Picallo (Sada, 1907), labrego, fundador e vicepresidente do Grupo Local do Partido Galeguista en Sada, membro do Conse-

llo Nacional do mesmo partido como conselleiro comarcal, secretario xeral da Fronte Popular en Sada, delegado da Misión Biológica de Galicia na comarca, secretario da Artística Sadense, presidente do Ateneo de Cultura Política y Social e xornalista en *A Nosa Terra*, *El Pueblo Gallego*, etc.

Antonio Carballeira Muñiz (Meirás, 1910), albanel, foi directivo da Asociación Agraria de Meirás, do Sindicato de Profesiones Varias de Meirás (da CNT), do Ateneo de Cultura Política y Social de Sada e do Radio Comunista de Sada, participando na campaña en prol do Estatuto de Autonomía de Galicia no 1936. Estaba casado e tiña tres fillas.

Manuel Prego Chas (Meirás, 1907), activo sindicalista, foi presidente do Sindicato de Profesiones Varias de Meirás no 1933 e un dos artelladores do Radio Comunista de Sada.

Picallo, Carballeira e Prego foxen de Sada nos primeiros días após a chegada dos sublevados, poida que agochándose nun primeiro momento pola zona de Souto (Carnoedo), logo en Meirás, xunto a José Mosquera e a Gumersindo Montero, dirixente do PCE coruñés. Decidiron ir á A Coruña, co obxecto de colaboraren na defensa da cidade, salvo Mosquera e Montero. Na mañá do 11 de agosto Xohán Antón Suárez Picallo vai visitar á súa madriña, ingresada no hospital, e un veciño de Sada, que fora tamén onda ela, soubo do seu paradoiro, dando aviso aos falanxistas de Sada. Esa mesma noite foron por eles, torturándoos e asasinándoos. Os seus corpos apareceron ao día seguinte no monte de Abeleira, en Veigue.





X. A. Suárez Picallo, A. Carballeira e M. Prego

20/08/1936 – Rafael Fernández Casas

Nado en Buenos Aires no 1901 –de pais galegos– criouse nun hospicio de Santiago de Compostela. Destacou como xornalista e escritor. Como mestre, impartiría aulas en escolas de Ortigueira e, a partir do 1934 en Souto (Carnoedo), presidindo o Ateneo de Cultura Política y Social de Sada no 1936. Foi detido pola Garda Civil na súa casa de Souto e paseado en Trasanquelos (Cesures) o 20 de agosto do 1936. Estaba casado e cun fillo.

01/09/1936 – José Cadaveira Guimarey e José Neira Torrado

José Cadaveira Guimarey (Sada, 1895), pintor de profesión, afiliado ao Sindicato de Oficios Varios de Sada (CNT). Estaba casado e tiña tres fillos.

José Neira Torrado (Sada, 1913), foi fundador e directivo do Sindicato de Oficios Varios de Sada (CNT). Estaba casado e dous fillos.

Ambos foron paseados en Crendes (Abegondo) o 1 de setembro.



J. Cadaveira e J. Neira

05/09/1936 – Gil González Mosquera

Nado en Sada no 1903, axudante do secretario do Xulgado de Sada, deseñador de cartaces e debuxante, foi fundador e presidente da sociedade Artística Sadense e un dos principais dirixentes do Grupo Galeguista de Sada. Tras participar na identificación dos cadáveres de Picallo, Prego e Carballeira decidiu o 5 de setembro quitarse a vida na súa casa de Riobao antes de rematar igual.

11/09/1936 – José Antonio García García

Aínda que nado en Sada no 1882, afincárase en Ferrol, onde exercía de funcionario e estaba afiliado a Unión Republicana. Sería paseado en Ferrol o 11 de setembro, rexistrándose a súa morte como resultado de "heridas producidas por arma de fuego" (Proxecto Nomes e Voces).

04/10/1936 – José Gerpe Romero

Natural de Noia, onde nacera no ano 1900, era zapateiro e vivía en Sada de Arriba. Estaba afiliado ao PSOE. Foi torturado e asasinado o 3 de outubro, aparecendo o seu corpo o día 4 en Dorneda (Oleiros). Fora paseado semella que por ter impedido unha manipulación nas eleccións de febreiro. Casado e con catro fillos.

19/10/1936 – Juan Seijo Espino

Nado en Meirás no 1886, labrador acomodado, estaba afiliado ao Sindicato da súa parroquia no 1933, intervindo nun conflito co propietario José Gayoso e co párroco Benigno Mayo e resultando encausado e detido polo mesmo. Suicidouse feríndose cunha navalla de barbear no pescozo o 19 de outubro. Fora acusado por algúns veciños de ter participado nun asalto á casa do cura, e o medo a sufrir represalias teríao levado ao suicidio.

?/?/1936 – Isidro Santos Burruel

Nado en Sada no 1900, era carabineiro. Desapareceu sen deixar rastro nos primeiros meses da guerra. Segundo as testemuñas familiares, foi asasinado por negarse a cumprir as ordes dos seus superiores, que o obrigaban a participar nas tarefas represivas, nunha data indeterminada do 1936. Estaba casado e con fillos.

27/11/1936 – Antonio Fernández Pita

Nado en Fontán no 1888, emigrou aos EEUU, onde participou na fundación da Sociedad Sada y sus Contornos. Electo concelleiro pola ORGA o 12 de abril do 1931, un ano máis tarde será nomeado alcalde de Sada. Coa toma de Sada polos sublevados foi nomeado alcalde en funcións, se ben sería destituído aos poucos días, detido e trasladado a Betanzos. Pos-

I. Santos Burruel e A. Fernández Pita

to en liberdade, retornou a Sada. O 3 de setembro do 1936 era detido novamente polo sarxento da Garda Civil José Vicente Casas, abríndoselle un consello de guerra celebrado no cuartel de Atocha, na Coruña, que o condenou á pena capital e o sancionou cunha multa de 100.000 pts., acusándoo de "rebelión". Segundo testemuñas, durante un tempo estivo preso no castelo de San Felipe, en Ferrol. O 27 de novembro ás 7 h. da mañá, Fernández Pita era fusilado nas inmediacións do polvorín de Adormideras, na Coruña (Arquivo do Tribunal Territorial IV, sumario nº 721).

05/03/1937 – Luis Pita da Veiga Mojón

Nado en Mondego no 1913, foi dirixente de Izquierda Republicana en Sada, integrante do Comité Electoral da Alianza de Esquerdas de Sada no 1935, e secretario do Ateneo de Cultura Política y Social. Foi chamado a filas en agosto do 1936 e "pasado por las armas" en Adormideras, A Coruña, o 5 de marzo do 1937, ao ser capturado na frustrada fuga do Portiño (Lamela García: *Estampas de injusticia*, 2005).

09/07/1937 – Andrés García Castro

Natural de Sada, nado no ano 1907, estivera afincado en New York. Afiliado á FAI, durante a Guerra traballou como mariñeiro no mercante republicano "Mar Cantábrico", que sería interceptado 100 km. ao noroeste do cabo Fisterra polo cruceiro "Canarias", grazas á información cedida pola Mariña da Alemaña nazi. Os seus tripulantes serían capturados e trasladados a Ferrol, practicándoselles un consello de guerra sumarísimo no cal, entre moitos, sería sentenciado a morte Andrés García, executado o 9 de xullo na Punta do Martelo do Arsenal de Ferrol (Arquivo do Tribunal Territorial IV, causa nº 50/37).

04/07/1938 – José Monzo Ríos

Nado en Sada no 1906 no seo dunha familia mariñeira, emigrou nos anos 20 aos EEUU, onde entrou en contacto co movemento ácrata. Unha vez retornado, fundou e presidiu o Centro Cultural Obrero, o Sindicato de Oficios Varios de Sada (CNT) e os grupos Luz e Nueva Vida,

integrados na FAI, constituíndose nun dos sindicalistas de máis peso da comarca. Entre o 1932 e o 1934 estivo na cadea en varias ocasións por mor do seu activismo sindical. Destacou coma orador en numerosos mitins e representou ao Sindicato en plenos da CRG –Santiago, 1933– e da CNT –Zaragoza, 1936– (Fernández e Pereira: *O anarquismo na Galiza. Apuntes para unha enciclopedia*, 2004). Organizador da resistencia en Sada, coa chegada dos sublevados agocharase en varias casas da vila, fuxindo posteriormente a Miño e permanecendo algún tempo nos illotes Carbón e Carboeira. A comezos de xullo do 1938, cando se agochaba nunha serreira abandonada da estrada de Sada a Fontán, enfermo e sen máis alternativa, decidirá pór fin á súa vida. O seu cadáver será atopado o día 17. Deixaba muller e dous fillos.



A. García Castro e J. Monzo Ríos

14/07/1939 – Arturo Amador Rey Reguera

Natural de Sada, nado no 1907, residía en Cangas de Narcea (Asturias), onde traballaba como mecánico de automóbiles. No 1934 sería detido por participar nos sucesos revolucionarios de outubro, recuperando a liberdade coa amnistía de febreiro do 1936. Logo da sublevación militar formará parte do Comité de Guerra da súa localidade de residencia. Dominada Asturias polos rebeldes, será sometido a un consello de guerra o 19 de agosto do 1938 que o condenará á pena de morte, executada o 14 de xullo do 1939 (Laruelo Roa: *La libertad es un bien muy preciado*, 1999).

Aparte de todos estes nomes, que corresponden a naturais ou veciños do noso municipio, varios individuos que non gardaban relación con el foron paseados en Sada. Son os casos de Jesús López Candal, de 24 anos e veciño da Coruña (31/08/1936); un descoñecido duns 20 a 22 anos

(20/09/1936); Manuel Vázquez Gómez, de 19 anos e veciño de Betanzos (30/09/1936); e outro descoñecido duns 60 anos (05/10/1936). Figuran todos eles no Rexistro Civil de Sada.

M. Vázquez Gómez e R. Castro Vidal

IV. Os campos de batalla

Foron moitos os veciños que morreron nos campos de batalla loitando no bando dos sublevados, na maior parte dos casos por obriga e non por afinidade ideolóxica: entre tantos, Manuel Arévalo Sánchez, do sindicato de Carnoedo (CNT) e secretario da Sociedad Recreativa Cultural da mesma parroquia; ou Isidro Barcia Lorenzo, directivo de Izquierda Republicana de Sada.

Outros sadenses enrolaríanse no exército republicano na defensa da legalidade democrática, dos cales desapareceron na fronte, que saibamos ata o momento, Eduardo Suárez Picallo, irmán de Ramón e Xohán Antón, e Ricardo Castro Vidal, piloto dun avión modelo katiuska, adestrado na URSS, que faleceu en combate aos 20 anos. Ademais, foron moitos os que, mobilizados polos sublevados, tentaron, con éxito ou sen el, pasarse ao bando republicano. É o caso de Manuel Rodríguez Varela, fillo do ex-alcalde Justo Rodríguez, que non o conseguiu, desaparecendo na fronte.

* * *

A actividade represiva foi en Sada bastante acusada e incisiva, e cumpriu plenamente cos seus obxectivos. Neste traballo limitámonos a ordenar os datos máis salientables das vítimas mortais, sen entrar en análises e nin outra pretensión que a de sacalos á luz para tornarlles un pouco da dignidade que lles roubaron.

En Sada, a represión que segue á sublevación militar de xullo do 1936 tivo por obxectivo fundamental a destrución do entramado asociativo que se consolidara na II República, e que supuña a implicación dunha parte moi ampla da sociedade en diferentes movementos políticos, sindicais e culturais das máis diversas tendencias ideolóxicas.

Por iso se empregou o asasinato sistemático de dirixentes das organizacións republicanas, obreiras, galeguistas e mesmo das asociacións culturais, así como de militantes de base.

No presente traballo reúnense breves comentarios biográficos dos asasinados, especialmente no que toca á súa actividade pública, e as descricións das circunstancias das súas mortes

Monumento en homenaxe ás vítimas da represión franquista en Sada

CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS

Cadernos editados

Nº 1 - «O Ateneo de Cultura Política y Social: unha experiencia societaria na Sada da II República» · M. Pérez Lorenzo

Nº 2 - «As letras e o mar» · M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo

Nº 3 - «As letras e as festas» · E. Rocha Llobregat, M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo, X. A. Suárez Picallo

Nº 4 - «Manuel Couzo e o C. E. Sada y sus Contornos» · A. López Soto, M. Pérez Lorenzo

Nº 5 - «A represión franquista en Sada. As vítimas mortais» · M. Pérez Lorenzo

Nº 6 - «A sociedade Sada y sus Contornos» · Miguel Gayoso Barreiro

Cadernos de próxima aparición

Nº 6 - «A sociedade Sada y sus Contornos» · M. Gayoso Barreiro

Edita:

A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

Colabora:

CONCELLO DE SADA